






POLÍTICAS DE DESENVOLVIMENTO PESQUEIRO



3.1.- Comunidade Autónoma



A análise das políticas de desenvolvemento do subsector pesqueiro na comunidade autónoma de Galicia divídese en dous grandes apartados. O primeiro fai referencia ós obxectivos estratéxicos do subsector pesqueiro galego contidos no PEDEGA, para posteriormente analiza-las partidas orzamentarias da Comunidade Autónoma para o ano 2003 relacionadas co sector pesqueiro.

Obxectivos para o desenvolvemento do subsector pesqueiro contidos no PEDEGA

O Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 recolle a proposta estratéxica xeral de política socioeconómica da Xunta de Galicia. Entre as accións prioritarias, obxectivos finais, sinaladas no PEDEGA

salientan dúas directamente relacionadas co subsector pesqueiro: a 1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”, e a 2.C. “Protexer e mellora-lo medio ambiente”.

As claves estratéxicas que están detrás do obxectivo **1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”** oriéntanse á configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.

A estratexia sectorial sintetízase en dúas fronteiras básicas:

- Integración de redes productivas: aumento das ligazóns intersectoriais orientado á extensión da cadea de valor engadido.

3.1.

Estimación dos obxectivos físicos perseguidos por cada obxectivo final do PEDEGA. Estimación preliminar

Obxectivo Final	Indicador	Unidades	Valor Realizacións previstas 00-06
1.B.	Acondicionamento dos peiraos	nº	40
	Alumnos formación pesqueira (Formación Regrada)	Alumnos	1.284
	Asistencia a feiras autonómicas, nacionais e internacionais	campañas-feiras	10
	Asistencia realizada na formación pesqueira	nº	355
	Axudas a empresas para aumentar produtividade dos bancos e cultivos mariños	nº	181
	Buques modernizados	nº	905
	Buques renovados	nº	604
	Campañas de prospección marítima participadas	nº	7
	Centros de comercialización en orixe modernizados ou renovados	nº	20
	Cursos realizados (Formación Continua e Ocupacional)	Cursos	237
	Embarcacións afectadas polas medidas de desenv. sostibles da pesca de baixura	nº	604
	Empresas alternativas creadas dentro do sector pesqueiro	nº	35
	Equipamento portuario de apoio á actividade dos buques	nº	50
	Estudios de mercado, enquisas de consumo, asistencia técnica	nº	13
	Industria de transformación produtos pesqueiros renovados ou modernizados	nº	31
	Lonxas adecuadas ás novas tecnoloxías	nº	40
	Sociedades Mixtas	nº	30
	TRB retiradas por paralización definitiva	TRB	2.012
2C	Conservación de recursos xenéticos de especies autóctonas	nº	10
	Espacios naturais protexidos	has	27.701
	Xestión ecosistemas fluviais e marítimos	km	185

Fonte: Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, 2000-2006

• Renovación/diversificación: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas derivadas do saber facer, xunto á potenciación de novos complexos que contan xa cun relativo desenvolvemento e asentamento na rexión, onde se integra o complexo mar-industria constituído pola pesca, marisqueo, acuicultura, industria conserveira e afíns.

Co obxectivo 2.C.-"Protexer e mellora-lo medio ambiente" tentouse supera-la visión "conservacionista" para introducir unha preocupación e coidado por estas cuestións como un trazo especial da estratexia de desenvolvemento a longo prazo para Galicia.

Este obxectivo tradúcese nun amplo abano de accións específicas, pero o seu alcance maniféstase tamén no deseño das accións recollidas noutros obxectivos.

O **cadro 3.1.** recolle unha estimación preliminar dos obxectivos físicos relacionados co subsector pesqueiro perseguidos por cada un destes obxectivos finais, amosando unha serie de indicadores e o valor das súas realizacións previstas para o período 2000-2006.

Segundo a xerarquización dos obxectivos intermedios recollida no PEDEGA, no caso concreto do subsector pesqueiro, os obxectivos intermedios poden ser obxectivos influentes ou obxectivos influídos ou sensibles.

• **Obxectivos influentes**

- **2.C.1.-Preserva-la calidade das augas.** Este obxectivo intermedio, xunto ó 2.A.9: "Mellora-la accesibilidade ós recursos hídricos" e as intervencións dirixidas á conservación e rexeneración do medio hídrico mariño, incorporadas no obxectivo sectorial de desenvolvemento do complexo pesqueiro, completa o tratamento conxunto do PEDEGA ós diversos problemas que presenta o ciclo da auga en Galicia. Neste caso, o obxectivo centra a súa atención na dimensión ambiental dos ditos problemas, sendo a súa finalidade eleva-la calidade global do recurso, así como a dos seus usos sociais e ambientais.

Este obxectivo intermedio recolle dous grupos de medidas específicas:

- Programa de protección e mellora do medio hídrico, centrado na mellora das redes, a optimización dos sistemas e a mellora das depuradoras.

- Programa de adecuación, canalización, limpeza e defensa de marxes fluviais.

• *Obxectivos influídos ou sensibles*

- 1.B.3.-Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar-industria.

O complexo mar-industria fórmano as actividades ligadas á pesca, ó marisqueo e á acuicultura, soporte da industria de conservas e conxelados de peixe, ademais dos servizos de carácter loxístico de distribución dos diversos produtos do mar cara ós diferentes centros de demanda.

O carácter emblemático destas actividades dentro da rexión, a súa elevada integración no conxunto do tecido productivo rexional e a posición de primeiro rango de Galicia dentro de España e da Unión Europea, xustifican, en definitiva, o carácter estratéxico outorgado a este complexo.

As directivas e orientacións comunitarias están a conformar paulatinamente unha **política pesqueira** que debe tomarse como referencia: normalización sanitaria, organización de mercados, fondos estruturais para a mellora e reforzamento da competitividade, regulación do aproveitamento dos recursos pesqueiros, tanto nas augas comunitarias coma nos caladoiros extracomunitarios (acordos exteriores).

Os problemas do complexo asóciense, por un lado, á conservación e aproveitamento adecuado ó medio e os recursos naturais e, por outro, á crecente transnacionalización e relocalización das actividades que integran o complexo, asociada á elevada dependencia exterior da flota de altura ou industrial, é dicir, ás complexas negociación de ámbito internacional que mantén a Comisión Europea no ámbito da Política Pesqueira Común para alcanzar acordos con terceiros países, normalmente en vías de desenvolvemento, e que van exercendo gradualmente un maior control sobre os seus recursos, esixindo maiores e máis custosas contraprestacións.

As actuacións estratéxicas, en consecuencia,

deben axustarse a estes escenarios e fixarse uns obxectivos de adaptación aberta ás novas condicións, en especial no ámbito da internacionalización da actividade e das estratexias de investigación/comercialización/diferenciación/distribución.

Un elemento que apoia esta orientación son os favorables escenarios de futuro sobre o crecemento da demanda, especialmente nos produtos de calidade e alta elasticidade demanda-renda. Un principio estratéxico clave é orientarse ós produtos de gama alta, buscando ocupar unha posición forte na parte superior da cadea do valor engadido do complexo como vía para afrontar a crecente competencia dos novos competidores internacionais.

Os activos competitivos de Galicia veñen dados pola notable implantación de centros estratéxicos de decisión unida á alta calidade dos recursos de coñecemento do complexo en Galicia: capacitación profesional, dominio das tecnoloxías, información sobre recursos e mercados, o nivel tecnolóxico xeral da flota e da industria transformadora.

Non obstante o anterior, o complexo presenta algúns problemas específicos, basicamente centrados na dualidade existente entre un segmento avanzado que ocupa unha posición de cabeceira a nivel mundial e un segmento tradicional (flota costeira e pequena industria conserveira), con problemas de antigüidade e obsolescencia tecnolóxica e comercial, ó que se lle engade o problema xeral da xestión eficiente e a conservación dos recursos do mar.

As intervencións de reforzamento das estruturas pesqueiras céntranse en catro ámbitos: por un lado, o coñecemento, mellora e desenvolvemento sostible do medio mariño; en segundo lugar, a modernización e renovación da flota; terceiro, o desenvolvemento integrado da extracción e produción pesqueira e, por último, a comercialización e transformación de produtos pesqueiros.

Indubidablemente, o elemento que permite a

persistencia das actividades derivadas da pesca é o medio natural, o que implica o seu coidado e conservación para mante-la biodiversidade, os niveis de produción e a riqueza natural e social que se derivan delas. Esta dependencia do medio natural converte nunha prioridade o seu estudo, control e seguimento, xa que a calidade das augas vai determina-la calidade dos recursos.

A **pesca de baixura**, de gran importancia social en Galicia, presenta un conxunto de características semellantes ás da agricultura rexional, cun sector moi fragmentado, composto por numerosas explotacións ou empresas de tamaño moi pequeno con amplas necesidades formativas e de formulación de iniciativas empresariais. Como consecuencia disto, e da inadaptación das embarcacións, estanse sometendo os recursos a unha presión por unha flota aínda sobrecapitada e dependente das situacións de excepción que lles permita manter unha actividade continuada durante o ano.

Todas estas consideracións fan necesario o deseño de medidas que permitan conseguir un desenvolvemento sostible e unha explotación racional dos recursos. Entre estas medidas, a investigación ocupa un lugar preferente. Dada a situación dos caladoiros, tanto autonómicos coma nacionais, comunitarios ou internacionais, faise necesaria a investigación de novos caladoiros de pesca, novas especies infravaloradas, que redunden na diversificación productiva do sector e no mantemento do seu emprego.

Outro aspecto que continúa sendo de singular relevancia é a renovación dos activos fixos do sector extractivo e o axuste do esforzo pesqueiro.

Xunto a isto, a formación ten unha vital relevancia para o desenvolvemento sustentable da pesca, xa que é necesario introducir profundos cambios nas actitudes e nas estratexias de explotación.

A explotación responsable dos recursos pesqueiros frecuentemente supón medidas iniciais de redución de capturas. Este feito, unido ós efectos da modernización tecnolóxica das unidades

empresariais en busca dos aumentos de produtividade, produce como resultado a diminución do número de empregos nas actividades extractivas.

As repercusións desta situación son especialmente preocupantes nas **zonas dependentes da pesca**, cunha fonda cultura productiva pesqueira, que ven freadas as posibilidades de inserción da poboación activa ó mercado de traballo, premido pola incorporación de mozos e mulleres, así como pola saída ó desemprego de pescadores en activo. Esta preocupante situación require intervencións dirixidas a estas persoas, de cara a promover actividades baseadas nos recursos endóxenos destas zonas que poidan xera-lo emprego necesario.

No que respecta ó **marisqueo**, o reto proposto é conseguir que esta actividade deixe de constituír unha fonte complementaria de ingresos familiares, para se converter nunha actividade profesional.

Respecto da **acuicultura**, as boas perspectivas de cultivo para novas especies, parecen constituír un elemento dinamizador deste sector, diversificando a actividade e consolidando novos produtos.

Mención especial cabe facer das actividades dedicadas á **transformación, promoción e comercialización** de produtos pesqueiros, dada a súa posición estratéxica no tecido productivo rexional e a súa ampla dimensión, tanto no contexto español coma europeo e internacional., e por tratarse dunha alternativa de emprego importante para as zonas costeiras onde se localizan os establecementos.

A orientación de futuro deste segmento productivo pasa pola mellora da calidade das producións, a diversificación das presentacións e o emprego de especies pouco coñecidas ou valoradas. Para poder gañar cota de mercado nun contorno globalizado, como o actual, é preciso coñecer-las pautas de demanda e presenta-los produtos con etiquetas de calidade garantidas, o que esixe campañas de presentación e promoción en moi diversos puntos de consumo.

Dentro dunha actuación integral como a que se persegue para o complexo mar-industria tamén cómpre mellora-los centros de primeira venda. Tales medidas suporán un importante impacto positivo nos servizos que se prestan á flota pesqueira e ó proceso de comercialización dos seus produtos.

As medidas propostas neste obxectivo céntranse nos seguintes campos de actuación:

- Protección e mellora do medio mariño: investimentos no Servizo de Protección de Recursos e no Centro de Control de Calidade do Medio Mariño.

- Formación técnica, profesional e reciclaxe do persoal do sector, de maneira que se posibilite a súa actualización e a utilización de novas tecnoloxías e a extensión da pesca responsable.

- Axuste do esforzo pesqueiro: retirada definitiva de buques de pesca; asociacións temporais de empresas pesqueiras; constitución de sociedades mixtas para o aproveitamento ordenado de caladoiros.

- Renovación e modernización da flota pesqueira: construción de novos buques e modernización da flota de acordo co axuste do esforzo pesqueiro; mellora do equipamento en comunicación e salvamento dirixido á flota artesanal.

- Desenvolvemento sostible da pesca de baixura: regulación da actividade da flota; avaliación e seguimento dos recursos. Estas medidas irán acompañadas de plans piloto de ordenación (selectividade de artes de pesca) e plans experimentais de recuperación de recursos explotados pola pesca de baixura.

- Intensificación da produción do sector marisqueo e da acuicultura: medidas de mellora da produtividade mediante o control dos bancos marisqueiros; desenvolvemento da acuicultura mediante o fomento de cultivos e semicultivos en zonas intermareais.

- Prospección de novos caladoiros: campañas piloto de prospección e pesca experimental e investigación de potencialidades

- Equipamento de portos pesqueiros: mellora das instalacións de desembarco, tratamento e abastecemento da flota pesqueira.

- Apoio á transformación e comercialización de produtos pesqueiros: fomento da comerciali-

zación en orixe; estudos de mercado sobre alternativas ós produtos pesqueiros; axudas ós investimentos de modernización, etc.

- Automatización, mecanización e informatización dos centros pesqueiros de primeira venda (lonxas e outros mercados): investimentos en equipamento, aplicacións informáticas e actividades de mantemento.

- Promoción dos produtos pesqueiros de Galicia: campañas de promoción e protección de recursos; asistencia a feiras e mercados; estudos de mercado e investigación sobre novos requirimentos da demanda; asistencia técnica para a adaptación dos produtos ás normas de calidade.

- Promoción da creación de empresas alternativas nas zonas dependentes da pesca, que operen con recursos locais, que empreguen activos excedentes da pesca, mulleres de pescadores ou mozos que teñan como saída laboral natural o mar.

O segundo dos obxectivos influentes é o 2.A.4.- “Promove-la diversificación funcional dos portos”

Neste ámbito do sistema de transportes os principios estratéxicos que inspiran as actuacións programadas pódense sintetizar arredor dos seguintes puntos:

- Revaloriza-las funcións portuarias tradicionais: potencia-las conexións cos complexos produtivos da pesca e da construción naval e reforza-la intermodalidade do sistema integrado de transportes.

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos, abrindo o seu uso a outras actividades e integrándoos no medio urbano.

- Inserir-los portos galegos dentro das redes de portos que desenvolvan as súas complementariedades e unha relativa especialización funcional: integración e cooperación entre os portos da fachada noroeste peninsular.

As medidas dirixidas a este obxectivo intermedio concrétnanse nos seguintes programas de actuación:

- Obras de mellora das infraestruturas de abrigo e atraque: Programa de investimentos diri-

xidos á extensión e acondicionamento do capital fixo básico dos portos.

- Edificacións e instalacións portuarias para mellora-la prestación de servizos: investimento en obras de ampliación e mellora de lonxas, naves de almacenamento e outras infraestruturas necesarias para a prestación de servizos portuarios.

- Instalacións náutico-depotivas: investimentos destinados a ampliar e mellora-la función portuaria de apoio á navegación recreativa como mecanismo de apoio ó desenvolvemento das actividades turísticas.

- Mellora do contorno porto-cidade: investimentos orientados á apertura dos portos e a integración urbana da actividade portuaria.

- Mellora das conexións e enlaces cos outros modos de transporte terrestre: investimentos e obras de acondicionamento destinadas a reforzalo grao de intermodalidade do sistema de transporte de Galicia.

O referente para ordena-las medidas dirixidas a este complexo constitúeo o **Plan sectorial de Pesca 2000-2006** da Consellería de Pesca, que supón unha revisión e actualización do plan de pesca 1994-1999. O sentido deste plan é coordina-las diferentes medidas dentro dun programa integrado, que considera o conxunto de actividades como un complexo amplo formado polas actividades extractivas (pesca, marisqueo, acuicultura), as de conservación dos produtos (conservas, conxelados), a loxística nas súas distintas fases (transporte, almacenamento, distribución), a construción naval e de maquinaria e equipo para o complexo, ademais dos centros de investigación e os servizos de formación.

O obxectivo estratéxico xeral é desenvolver a conciencia de formar unha rede activa e con potencial de futuro, que active os mecanismos de cooperación vertical e horizontal entre os diversos integrantes do complexo, ó tempo que fomente o coidado pola conservación dos recursos naturais como fundamento para o desenvolvemento sostible no tempo deste complexo de actividades.

Orzamentos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para o ano 2003

Os **obxectivos** do presuposto da Consellería correspondente ó ano 2003 son:

- A mellora e reestructuración da flota pesqueira, procurando actuacións que supoñan un incremento da súa competitividade e aseguren o seu futuro, ó tempo que compensen os efectos negativos que se poidan derivar da perda de posibilidades de pesca, cunha especial incidencia na flota artesanal.

- A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura, a través de actuacións que incidan directamente sobre os recursos naturais, incrementando a súa produtividade así como mediante elementos formativos que procuren unha maior especialización das persoas empregadas no sector, sempre buscando a súa profesionalización, así como a mellora e potenciación do proceso comercializador (afianzamento das axencias de desenvolvemento do litoral galego que se puxeron en funcionamento no ano 2001).

- A mellora de relacións con terceiros países non comunitarios onde existan ou poidan existir posibilidades de pesca, ou instalación de industrias relacionadas co sector e con intereses galegos.

As tres liñas de actuación concrétnanse nas seguintes **medidas**:

- Investimentos en equipamentos básicos nos portos pesqueiros como apoio ó desenvolvemento do sector pesqueiro.

- Actuacións dirixidas á mellora das posibilidades de comercialización dos produtos da pesca.

- Actuacións orientadas á potenciación do proceso de diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.

- Medidas orientadas á potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.

- A adopción de programas orientados á

3.2.

Orzamento de gastos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos 2002-03

	2002	2003	03/02		2002	2003
			(V. Absoluto)	(%)	(% sobre o total)	
I. Gastos de persoal	23.191	24.556	1.365	5,9	15,0	15,0
II. Gastos en bens correntes e servizos	4.111	4.081	-30	-0,7	2,7	2,5
IV. Transferencias correntes	1.591	1.544	-47	-3,0	1,0	0,9
Total operacións correntes	28.893	30.181	1.288	4,5	18,7	18,4
VI. Investimentos reais	25.007	28.753	3.746	15,0	16,2	17,6
VII. Transferencias de capital	99.998	103.999	4.001	4,0	64,7	63,6
VIII. Activos financeiros	676	676	-	0,0	0,4	0,4
Total operacións de capital	125.681	133.428	7.747	6,2	81,3	81,6
Total	154.574	163.609	9.035	5,8	100	100

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2003

formación dos traballadores empregados no sector, así como a adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.

- Medidas tendentes a procura-la mellora dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.

- Reforzamento da política de apoio ás liñas de investigación xa abertas, así como a iniciación de novos proxectos.

- Mante-la liña de dotación de sistemas de información avanzados ós procesos de subhasta nas lonxas, así como a implantación de mecanismos que permitan ós compradores coñecer-la previsión de arribos.

- Sinatura de protocolos de cooperación con terceiros países costeiros non comunitarios que faciliten o desenvolvemento de actuacións empresariais.

No referente ó **Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP)**, que participa das características das políticas de desenvolvemento rexional e da política pesqueira común, as transferencias da Unión Europea para axudas a ese sector acadarán os 77.009 miles de euros no ano 2003, destinados preferentemente ó cofinanciamento de actuacións relativas á modernización e renovación da flota pesqueira así como ó apoio ós sectores de acuicultura e de transformación e comercialización de produtos da pesca. Esa cifra mantense na liña de anos precedentes, por canto corresponde á imputación anual do programa operativo integrado de Galicia, aprobado para o 2000-2006:

Ano 2000.....64.284 (miles de euros)
Ano 2001.....77.114 (miles de euros)
Ano 2002.....77.061 (miles de euros)

O capítulo IV de dito presuposto está financiado por 1.277 miles de euros de fondos propios e 267 miles de euros de FSE.

O capítulo VI ten a seguinte financiación: 18.192 miles de euros de fondos propios; 281 miles de euros de FCI; 758 miles de euros de transferencias finalistas; 8.798 miles de euros do IFOP; e 263 miles de euros do FSE.

O capítulo VII finansiase con: 17.338 miles de euros de fondos propios; 8.876 miles de euros de FCI; 9.573 miles de euros de transferencias finalistas; e 68.211 miles de euros do IFOP.

Os orzamentos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para o ano 2003 acadan os 163.609 miles de euros, un 5,8% máis que no ano anterior. Dito orzamento representa o 2,2 % dos orzamentos da Administración Xeral da Xunta de Galicia, o 4,5% dos seus investimentos reais e o 11,6% das súas transferencias de capital (**cadro 3.2.**).

As actuacións principais dos 28.753 miles de euros presupostados en **investimentos reais** son as seguintes:

- Coidado, control, seguimento e vixilancia de bancos marisqueiros: 2.759.692 euros.
- Equipamentos pesqueiros: 2.809.392 euros.
- Servicio público de salvamento e loita con-

tra a contaminación no mar : 4.853.418 euros.

- Promoción pública de produtos e investigación de mercados: 3.247.448 euros.

As actuacións principais dos 103.999 miles de euros presupostados en **transferencias de capital** son as seguintes:

- Construcción e renovación de buques pesqueiros: 31.944.780 euros.

- Axudas á transformación, conservación e comercialización de produtos de pesca e acuicultura: 36.880.322 euros.

- Axudas á acuicultura e ós cultivos mariños: 16.127.526 euros.

- Axudas á paralización temporal das actividades: 3.400.000 euros

A consellería desenvolve a súa actuación nos seguintes dezasete **programas** de gasto:

• *Transformación, conservación e comercialización de produtos mariños*: 41.033 miles de euros. Este programa, que supón o 25% do total do presuposto da Consellería, inclúe as medidas a adoptar para potencia-la competitividade das empresas de manipulación, conservación, transformación, comercialización e tratamento de produtos pesqueiros, do marisqueo e da acuicultura. Fomenta-la formación e os cambios nas cualificacións dos traballadores das empresas do sector transformador da pesca como consecuencia da introducción e as posibilidades das novas tecnoloxías tanto da información como da produción.

• *Reestructuración e renovación da flota*: 34.868 miles de euros. Este programa representa o 21% do total do presuposto e comprende as accións de financiamento de investimentos privados á reestructuración, renovación e modernización da flota pesqueira galega de cara á consecución dunha flota artesanal e de altura moderna e segura adaptada ós recursos dispoñibles e ás necesidades futuras que se deriven da xestión racional dos recursos pesqueiros.

• *Ordenación, reestructuración, fomento e mellora da produción pesqueira e dos cultivos mariños*: 19.073 miles de euros. Este programa, que consume o 12% do total do presuposto da

Consellería e ten os seguintes obxectivos: Estudio de estruturas para o cultivo de moluscos e planificación e reordenación de zonas de produción.

• *Desenvolvemento sostible da explotación de recursos mariños*: 16.976 miles de euros. Este programa, que recolle o 10% do total do presuposto pretende, a través de convenios de cooperación ou colaboración coas confrarías de pescadores e coas organizacións profesionais do sector e agrupacións de mariscadores, ademais da execución pola propia Administración, leva adiante accións de recuperación de bancos marisqueiros, así como avanzar na racionalización da explotación marisqueira e na profesionalización dos mariscadores. Pretende acadar os seguintes obxectivos: mellora-la produtividade dos bancos marisqueiros e das instalacións acuícolas; mellora-la xestión dos recursos marisqueiros; fomenta-la construción, ampliación, equipamento ou modernización de instalacións acuícolas ou marisqueiras e o mantemento do emprego no sector.

• *Dirección e servicios xerais de pesca*: 14.228 miles de euros. Este programa, representa o 9% do presuposto e financia-los gastos de funcionamento e do persoal dos servicios administrativos da Consellería. Tamén se recollen no capítulo de investimentos partidas destinadas á mellora de infraestructuras dos centros administrativos.

• *Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira*: 8.703 miles de euros. Este programa, supón o 5% do presuposto da Consellería e financia os investimentos encamiñados a melloralas condicións de seguridade no mar mediante a contratación do "Servicio Público de Salvamento e Loita contra a Contaminación no Mar", o "Convenio de colaboración coa Cruz Vermella do Mar", a subscripción dunha "Póliza Colectiva de Accidentes do Mar" e a formación dirixida ós pescadores, con especial incidencia nos referentes ás titulacións profesionais e á seguridade, supervivencia no mar e loita contra incendios.

O resto dos programas de Consellería por importancia económica son os seguintes:

- Programa de equipamentos pesqueiros: 4.950 miles de euros.
- Programa de ensinanzas pesqueiras: 4.186 miles de euros.
- Programa de formación profesional FSE: 4.125 miles de euros.
- Programa de promoción de produtos pesqueiros e fomento da calidade: 3.753 miles de euros.
- Programa do plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico: 3.550 miles de euros.
- Programa de protección e mellora do medio ambiente: 2.043 miles de euros.
- Programa de protección e mellora do medio natural marítimo: 2.718 miles de euros.
- Programa de promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira. FSE: 1.477 miles de euros.
- Programa do medio mariño: 1.422 miles de euros.
- Programa de servizos ás actividades marítimas: 480 miles de euros.
- Programa de elaboración e difusión estatística: 24 miles de euros. ■

